

DOSSIER INFORMATIVO

GOLPES

(in the house of rising sun)

ESTIBALIZ VEIGA

nun one woman show nun mundo machista

dirección XOSÉ LEIS

espazo escénico aAntena

espazo sonoro aAntena

producción BERNARDINO MARTINEZ





dirección: XOSÉ LEIS
actriz: ESTÍBALIZ VEIGA
producción: BERNARDINO MARTÍNEZ

espazo escénico: aAntena
espazo sonoro: aAntena
estilismo: XOSÉ VEIGA

público : ADOLESCENTE-ADULTO
xénero: DRAMA
duración: 65 minutos

ÍNDICE

1.- SINOPSE	3
2.- MOTIVACIÓNS	4
3.- PROPOSTA	5
4.- EQUIPA	6
5.- ESPAZO	7
6.- FICHA ARTÍSTICA	8
7.- FICHA TÉCNICA	9

1.- SINOPSE

Pamela é unha moza que ven de sufrir violencia machista.

Pamela xa pode falar dos golpes que recibiu

Pamela namorou crendo nos postulados do amor romántico.

Pamela expón como foi entrando, nese círculo , e cuestiona como en España todo segue a ser desigual para homes e mulleres.

Pamela recibiu moitos GOLPES , pero o máis grande foi verse a si mesma mudada noutra persoa, por iso quere compartir as súas experiencias vitais, para que ningunha outra muller pase por onde foi golpeada.

GOLPES é a vida de Pamela, unha rapaza que nos conta a súa vida, os seus soños, como era romántica, que aprendeu dunha relación que non debeu vivir . Tratando e previndo a desigualdade dende onde nacen as relacións (a adolescencia)

GOLPES é un espectáculo directo, cercano, que xoga co impacto directo da posta en escena, sen trucos dramaturxicos ou de escenografía. Apoia só no "savoir faire" da actriz, quen incorpora múltiples personaxes diante dos nosos ollos.

tel . contacto: 659269615

aantenasc@gmail.com



“As mulleres somos expertas en esperar. Espero a que me chame. Espero a que me pida perdón. Esperar a que cambie.”





2.- MOTIVACIONES

Nun mundo onde as mulleres son golpeadas continuamente pola presión social. A compañía aAntena saca o mellor do talento de Estibaliz Veiga para poñer en escena un relato cru , mais directo polo cotiá das accións de como unha moza vai cedendo ata irse atopando fóra da súa personalidade.

Un xeito directo fuxindo do trágico para nos amosar como nas accións máis cotiás nace o "golpe" da desigualdade e chega á violencia machista.



GOLPES busca que o espectador identifique todos e cada un dos índices sociais presentados na súa vida "de todos os días" . Vexa canto traballo hai por facer para vivir nun mundo igualitario, como hai un golpe continuo contra do latexo social. Máis Pamela conseguíuno e, dende aAntena pretendemos sementar esa visión dun "mundo mellor posible" .

aAntena comprométese e pretende inferir na sociedade cun espectáculo directo onde se amose dun xeito entretido a desigualdade latente, e a dor que causa unha lacra social como é a violencia machista



3- PROPOSTA

Unha actriz vai visitando os seus recordos inmediatos camiñando a partires dunha canción que fala dun sol nacente, dun novo amencer.

Ela expone ante os espectadores dando todos os rexistros, dende cando está tolamente namorada, cando ri, cando flirtea, cando sofre, cando berra, cando desespera, cando baila, cando goza...

Un camiño emocional, un "tour de force" onde Estíbaliz Veiga expón toda a súa capacidade emocional, o seu compromiso co xénero, as súas habilidades en escena (baile, interpretación, ...) na procura da maior verdade e honrar as mulleres que viaxan nesa fatídica travesía, procurando que non haxa máis vítimas.



Unha posta en escena sobre mínima escenografía, e mínimos recursos técnicos para darlle o máximo valor ás mulleres representadas. Un espectáculo que pode representarse case en calquera espazo, onde o primordial é a posibilidade de conexión cos espectadores. Unha biblioteca, un centro social, ... son os espazos soñados para poder acceder a este espectáculo, na procura da maior facilidade de acceso á concienciación do público

tel . contacto: 659269615

aantenasc@gmail.com



4.- EQUIPA

ESTIBALIZ VEIGA (actriz) Graduada en Pedagogía Teatral pola UdC, Máster en interpretación cinematográfica por Central de Cine, especializada con mestres coma John Strasberg, Thomas Liebhart, Macarena Pombo ou Susan Batson. Recoñecible por ter traballado en compañías teatrais coma Katarsis, Áncora, Espello cóncavo e dar vida a personaxes en series coma Serramoura, Pazo de Familia, Homicidios, Fontealba,...

"Pamela é un agasallo de vida no que entrei, un vestido que poño en cada representación para espir as emocións que me causan ver un mundo no que as mulleres somos sometidas á desigualdade. GOLPES para min é unha viaxe na procura dun mellor mundo , unha travesía que sempre quixen percorrer comprometida con todas as mulleres"

"Ai, mama! O príncipe! Adeus mama, papa, miña irmá, miña roupa, amigas, sobre todo os meus amigos homes, a miña contrasinal do facebook, do Twitter, do whatsapp, do email, do instagram, por que cando veña el voulle a contar todo, non me gardarei ningún segredo."

XOSÉ LEIS (director) Actor e director Graduado en Pedagogía Teatral pola UdC. Especializado con diferentes mestres coma John strasberg, Michel Dallaire, Carlo Boso ou José Luis Raymond. Camiña nunha deriva investigadora ao través de todas as posible formas.

·GOLPES , para min, é un xeito de poder amosar como a muller nas novas xeracións continua a vivir nun mundo desigual,. A nosa sociedade ten moito que mudar para que os homes deixemos de nos sentir por riba das nosas compañeiras, para que poidamos falarnos e sentirnos nunha relación de iguala igual. Se podo remover algunha conciencia e inferir un pouco nesta problemática, o meu sentimento de culpa e a miña busca dun mundo mellor , será recompensada"

tel . contacto: 659269615

aantenasc@gmail.com

5.- ESPAZO

Un espazo reducido, simulando a habitación da casa, un ambiente adaptable a calquera lugar de representación.



Escenografía:

- 1 alfombra
- 1 cadeira
- 1 mesa

Todo nun recuncho de 3x3

“E cando un tío busca a identidade feminina faino a través do elemento do tacón, ti sóbeste aí arriba, é como un pelotazo. As pernas estilízanseme, o cu fáiseme mais pequeno, pónseme para fóra, a barriga para dentro e cando camiñas parece a Shakira. Tía, aínda que doan os pés eu de aquí non me baixo, tía.”



Ficha Artística	
Producción	Bernardino Martinez
Dirección	Xosé Leis
Actriz	Estibaliz Veiga
Música seleccionada	Estibaliz Veiga, Xosé Leis
Diseño iluminación	aAntena
Diseño escenografía:	
Coordinación técnica	Bernardino Martinez
Diseño vestuario	aAntena
Fotografías	Ignacio Ysasi



Ficha Técnica	
Necesidades montaxe	1 h
	1 técnico
Descarga	15 ´
	2 persoas
Montaxe	45 ´
Duración espectáculo	65 ´
Desmontaxe	1 h
Carga	45 ´
Condições do escenario	caixa negra (se é posible)
Iluminación (aportado pola compañía)	4 Pc
	1 filtros azuis
	3 filtros difusor
Son	ipad (aportado pola compañía)
	cable de mesa de mesturas a minijack
	mesa de mesturas
	2 pantallas son para espectadores
	A mesa e as pantallas poderían ser substituíds por altofalante autoamplificado
Outras necesidades	posibilidade de facer a funcion en lugares sen iluminació natural
	ensaios no lugar



tel . contacto: 659269615

aantenasc@gmail.com